

ACTA Nº 13-2012
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
- DIA 26/07/2012-

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)
CHEGA AS 20:07

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:03 horas** reúnen os/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Constatada a presenza de membros en quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ARTICULADO DO REGULAMENTO DE ACCIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO DE RIANXO.

4º.- MOCIONS DE URXENCIA.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Acta Nº 10 Sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2012

A Presidencia preguntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto queda APROBADA a citada acta por unanimidade dos presentes, 15 dos 17 que legalmente a constitúen.-

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.-

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de xuño de 2012 ata o 30 de xuño de 2012, que comprenden os números 334/2012 ao 375/2012, de cuxa relación deuse copia aos voceiros dos grupos.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 12 Sesión extraordinaria do día 22 de xuño de 2012.
- Acta Nº 13 Sesión extraordinaria do día 26 de xuño de 2012.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ARTICULADO DO REGULAMENTO DE ACCIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO DE RIANXO.-

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<En sesión plenaria do día 31/05/2012 aprobouse inicialmente o Regulamento de Acción Voluntaria do Concello de Rianxo.

Advertido un erro de transcripción material na numeración do articulado deste regulamento, de xeito que no "*Artigo 4º.- Concepto de persoa voluntaria*" debe poñer "*Artigo 5º.- Concepto de persoa voluntaria*", e correlativamente muda o número do resto dos artigos posteriores.

Tendo en conta que a acta da mencionada sesión xa ten sido obxecto de aprobación en anterior sesión plenaria.

O artigo 105.2º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común permite ás Administracións públicas rectificar en calquera momento os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus actos. Tratándose neste caso dun erro de transcripción material que para nada afecta ao contido esencial do acto nin causa indefensión algunha, polo que non require novo período de exposición pública.

En consecuencia, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo como órgano competente a adopción do seguinte **ACORDO**:

(Único) Rectificar o acordo adoptado en sesión plenaria do 31/05/2012 no tocante ao Regulamento de acción voluntaria do Concello de Rianxo, de xeito que:

- Onde pon:

Artigo 5º.- Adquisición da condición de persoa voluntaria

Artigo 6º.- Perda da condición de persoa voluntaria.

Artigo 7º.- Dereitos da persoa Voluntaria

Artigo 8º.- Deberes da persoa Voluntaria

Artigo 9º.- Obrigas do Concello en relación ás actuacións de voluntariado que promova.

Artigo 10º.- Oficina Municipal de Acción Voluntaria e as entidades de acción voluntaria.
Artigo 11º.- Funcións da Oficina municipal de Voluntariado e o técnico-encargado desta
Artigo 12º - Comisión de seguimento
Artigo 13º.- Formación do Voluntariado
Artigo 14º.- Fomento do Voluntariado
Artigo 15º .- Convenios de Colaboración
Artigo 16º .- O libro-rexistro de persoas voluntarias.
Artigo 17º.- Listado das entidades de acción voluntaria que actúan no termo municipal
- Debe poñer:
Artigo 6º.- Adquisición da condición de persoa voluntaria
Artigo 7º.- Perda da condición de persoa voluntaria.
Artigo 8º.- Dereitos da persoa Voluntaria
Artigo 9º.- Deberes da persoa Voluntaria
Artigo 10º.- Obrigas do Concello en relación ás actuacións de voluntariado que promova.
Artigo 11º.- Oficina Municipal de Acción Voluntaria e as entidades de acción voluntaria.
Artigo 12º.- Funcións da Oficina municipal de Voluntariado e o técnico-encargado desta
Artigo 13º - Comisión de seguimento
Artigo 14º.- Formación do Voluntariado
Artigo 15º.- Fomento do Voluntariado
Artigo 16º .- Convenios de Colaboración
Artigo 17º .- O libro-rexistro de persoas voluntarias.
Artigo 18º.- Listado das entidades de acción voluntaria que actúan no termo municipal.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 26/07/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que van a votar a favor.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que van a votar a favor.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que van a votar a favor.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

4.- MOCIONS DE URXENCIA.-

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocións.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

6.1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG: CONTRA A SUPRESIÓN DE AULAS E CONCENTRACIÓN DE ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA.- (RXE nº 5409, do 13/07/2012).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Alcalde pasa a palabra a voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, que comenta a moción.

Somete a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 15 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión do goberno da Xunta de Galiza de suprimir aulas e reunir menores de Infantil de 3 e 6 anos con rapaces e rapazas de Primaria de 12 anos, que no caso das comarcas de Ourense, por exemplo, afecta a 115 aulas, lévanos a un retroceso de máis de trinta anos, que impide incluso a conciliación da vida laboral e familiar de nais e pais. Esta medida está a ser respondida pola comunidade educativa e pola sociedade galega por resultar nociva para a educación pública e mortal no medio rural, ao quedar desprovistos de aulas, ter que desprazarse ás vilas limítrofes e contribuír ao seu despoboamento, semellante ao acontecido fai trinta anos coas escolas-fogares que arracaba e erradicaba definitivamente do rural a nenos e nenas.

O goberno do PP na Xunta de Galiza impón medidas sen diálogo, mostrando a meirande insensibilidade, sen buscar solucións nin procurar alternativas, agás as que supoñen a desaparición do benestar e das condicións de vida de galegos e galegas que tiñan ganado até agora. Fai días morreu Preescolar na Casa, que en rianxo atendía a 12 familias, innovador, adaptado e sostíbel na realidade rural galega, sen que a Xunta movese unha pestana para salvalo, e agora tócalle a educación en xeral coa supresión de aulas de infantil e primaria.

42 aulas serán suprimidas nas comarcas de Ourense, 56 nas comarcas da Coruña, 40 nas de Lugo e 37 aulas nas comarcas de Pontevedra; pero estes datos, recollidos do profesorado e dirección de centros afectados, poden verse incrementados unha vez que nos próximos días vaian aparecendo no Diario Oficial de Galiza as resolucións da Xunta.

Esta brutal decisión do goberno do PP afectará ademais aos cadros de persoal con centos de mestres e mestras menos. Por exemplo, no caso das comarcas de Ourense, como mínimo 70 ensinantes desaparecen nesta primeira fase.

A decisión reduce tamén persoal para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e recorta os comedores escolares e o transporte.

A educación pública é o verdadeiro motor e garantía da igualdade de oportunidades, e o investimento educativo unha das mellores formas de procurar formación e base para o futuro que pon os alicerces para a mellora social, e importante para a saída da crise económica que vivimos.

En Galiza a educación pública xa sufriu un retroceso significativo desde 2009 logo da ocupación da Xunta polo PP e debido a súa política educativa de recortes e falta de atención. Por unha banda, reduciron considerabelmente o número de profesores e profesoras do ensino público e, por outra, incrementou as unidades escolares concertadas e as subvencións encubertas as mesmas, reducindo de xeito constante as bolsas para o alumnado, as axudas aos comedores escolares, ao transporte escolar ou a eliminación de profesorado.

Se a sociedade galega non reacciona e isto non se para, as medidas de guillotina na educación pública que fai o PP irá a maiores. Hoxe sabemos que no próximo curso os recortes e as supresións de unidades educativas serán aínda maiores.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.**
- 2. Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.**
- 3. Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural.>>**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di é imposible dar datos certos a día de hoxe, sobre o número de aulas que vanse agrupar para o vindeiro curso 2012-2013, toda vez que o proceso de admisión de matrículas aínda non está pechado. As listas de admisión non se pechan ata setembro. Un dato que o partido que presenta a moción deberá lembrar, posto que tiña responsabilidades de goberno na pasada lexislatura, é que estanse pechando menos escolas unitarias nesta lexislatura que cando o BNG co-gobernaba a Xunta de Galicia, e outro, que tamén cómpre por enriba da mesa, é que Galicia conta cunha das ratios alumnado/aula máis baixas do Estado.

Os agrupamentos e os desagrupamentos de alumnado, prodúcense todos os anos nomeadamente en colexios de infantil e primaria do rural, dependendo das necesidades de cada centro. Tendo en conta esas necesidades, asígnaselle a cada centro o profesorado necesario segundo o catálogo. A Xunta de Galicia non vai a modificar nada neste aspecto de cara ao próximo curso, e pode ratificar que non se farán máis agrupamentos ca os debidos segundo a normativa de aplicación.

É certo, e debera ser coñecido polo grupo municipal asinante da moción, que a realidade demográfica de Galicia, amosa que hai centros que non reciben alumnado novo dende fai dous anos, situación que non pode ser obviada, e sobre a que a Xunta de Galicia xa ten manifestado a súa preocupación en procurar atallala.

Hai algún centro con tan só 8 alumnos/as entre 6 e 12 anos. De non agrupalos suporía ter un aula para cada un, situación inasumible dende o lado da administración e antipedagóxica dende o lado do profesorado. Grazas aos agrupamentos, moitos centros garanten a súa continuidade ser ter que botar máis de medidas máis rigorosas. En calquera caso, cómpre afirmar, que nos agrupamentos nunca se sobrepasarán os 18 estudantes, e que a práctica do agrupamento se leva a cabo en todo o Estado, e en Galicia aplícase polo menos dende os últimos 3 gobernos.

A Xunta de Galicia, traballa e garante, que en todo caso, o número de unidades será o preciso e necesario para preservar en todo caso a calidade do ensino en todos os colexios de Galicia, e que coma no podería ser doutro xeito, sempre se axustará ao marco xurídico en vigor.

Da a continuación, algunhas cifras que indica de interese :

- Galicia ten a taxa de abandono temprá máis baixa da nosa historia cun 20,8, o que indica que reducíuse un 5,2 respecto da herdada do bipartito, e está 5,5 puntos por debaixo da cifra media española.
- No tocante á potenciación de linguas estranxeiras, sinalar que pasouse de 60 a 360 lectores de linguas. E de 58 centros plurilingües postos en funcionamento por vez primeira no 2010, a 110 funcionando na actualidade. Nas Escolas de Idiomas, incrementouse un 25 % o número de alumnado.

- A ratio alumnado / profesorado, en ensino non universitario está en 9.7 (1.7 puntos por debaixo da ratio no conxunto do estado), en educación infantil 2º ciclo, Galicia ten a ratio máis baixa de España, e en educación primaria, Galicia cunha media de 18/aula, é a segunda. na eso, con 21/aula a nosa comunidade é a terceira despois do País vasco e Cantabria.
- Polo que respecta ao peche de escolas unitarias, subliñar que non se pechan as escolas que conten con máis de 5 alumnos/as. Neste curso pecháronse 14, e cando os asinantes da moción cogobernaban Galicia pechábase unha media de 20 cada curso. (e o contexto orzamentario daquela e o de hoxe, todos sabemos cómo mudou)

Remata a súa intervención a voceira resaltando que estas son cifras reais, gosten ou non a quenes presentan a moción. Para a Xunta de Galicia o ensino público de calidade é prioritario, e aquí están as cifras que o evidencian. O PPDG pode sentirse orgulloso dos datos e satisfeito das políticas públicas que se levan implementado nesta lexislatura, aínda así, segue traballando a reo.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que están de acordo coa moción.

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns di que hai un retroceso claro no sistema educativo ao século XIX, que non está de acordo co exposto pola voceira do PP. Xa se verá neste curso que ven, xa houbo protestas dos pais nos últimos meses, e onde se deixa claro cal é a liña educativa do PP, co peche de escolas unitarias que non lle interesan, aumentando a subvención aos centros concertados, etc.

O Alcalde quere engadir, antes da votación, que o Concello de Rianxo non vai recibir ningunha axuda para o arranxo das instalacións educativas e iso cando se reclame a adecuación das aula xa verase como se pode afrontar, o certo é que o concello está solo para estas cousas e terá que facelo con cargo a recursos propios. Concluindo, se esto é o que entende o PP por calidade do sistema educativo dende logo están errados.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 6 do BNG e 3 do PSOE-PSdeG), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e 0 abstencións do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

6.2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG: SUPRESIÓN DO COPAGO FARMACÉUTICO ÁS PERSOAS PENSIONISTAS.- (RXE nº 5410, do 13/07/2012).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns comenta a proposta.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 15 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<Exposición de Motivos

O pasado 1 de xullo entrou en vigor o novo copago farmacéutico imposto polo Goberno do Estado que incorpora ao copago a máis de 725.000 pensionistas e aumenta a aportación de centos de miles de persoas activas.

O copago farmacéutico é un sistema inxusto e insolvente. Quedan fóra de financiamento medicamentos fundamentais que non teñen alternativa en Galiza, nin nas farmacias nin nas distribuidoras. Persoas con tratamentos crónicos deixaron de retirar a súa medicación pola imposición deste copago.

As persoas obrigadas ao copago farmacéutico puideron xa comprobar desde un primeiro momento como a realidade do recorte as afectaba gravemente. De feito pensionistas con persoas que dependen da súa cartilla, teñen que soportar un duplo ou triplo tope de 8 ou 18 euros. Ademais existen reclamacións sobre as novas porcentaxes aplicadas a persoas activas que merecen a desatención do SERGAS e obrigando ás persoas doentes a que reclamen na Seguridade Social.

Para xustificar todo isto falan do destino destes cartos para a construción de novos centros sanitarios, pero a realidade a falta de persoal sanitario para atender dignamente os centros que existen. Están a vender a ilusión de novos centros de saúde no futuro coas pensións das persoas xubiladas e viúvas enfermas.

Esta medida non se implantou por igual en todo o territorio do Estado xa que algunhas comunidades autónomas elaboraron normativas propias grazas ás competencias que teñen atribuídas, compensando esta medida tan lesiva e evitando que as persoas pensionistas vexan reducidas as súas pensións polo feito de ter enfermidades, obrigadas a contribuír á rebaixa do déficit do Estado ou para colaborar no pago do rescate á banca privada española.

O Goberno galego ten as mesmas competencias e a mesma capacidade para evitarlle ás persoas enfermas e pensionistas que residen en Galiza este recorte dos seus ingresos, pero o goberno do PP na Xunta toma a decisión de non facelo, para non ser un problema para Madrid, xa que prefire ser un problema para as persoas pensionistas de Galiza.

Queremos outra xestión sanitaria, que non se centre en recadar das persoas enfermas senón en atendelas dignamente, nunha sanidade que sexa un elemento de redistribución de riqueza e que sexa financiada suficientemente dende os impostos. O Goberno galego está a tempo de rexeitar estas medidas retrógradas e insolventes impostas polo PP dende o Goberno do Estado.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a desenvolver unha normativa propia, en virtude das competencias sanitarias que lle atribúen as leis galegas e o Estatuto de Galiza, que reduza o impacto da medida imposta polo Goberno do Estado nas economías familiares galegas e suprima o copago farmacéutico para as persoas pensionistas..>>

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que en canto a sistema xusto, equitativo e solidario efectivamente xa está en vigor o novo sistema solidario de pago de fármacos e non podemos estar de acordo coa afirmación do BNG de que a cofinanciación farmacéutica sexa un sistema inxusto e insolvente, polos seguintes motivos:

- Os parados sen prestación e os pensionistas con rendas mínimas (de inserción ou non contributivas) non pagarán un só euro, o que permitirá que as 164.000 familias galegas que menos teñen non paguen nada polos seus medicamentos. Así, 113.000 familias desempregadas que esgotaron as súas prestacións e aboaban o 40% do prezo dos seus fármacos agora veranse beneficiadas ao non ter que pagar nada. Do mesmo xeito, seguirán sen pagar nada unhas 46.000 familias perceptoras de pensións non contributivas e outras 5.000 que reciben axudas por risco de exclusión
- Ademais, os traballadores asegurados de réxime común achegan o 40% se os seus ingresos non superan os 18.000 euros, e pasan a pagar, en vez do 40% do prezo dos medicamentos, o 50%, aqueles que teñan ingresos entre os 18.000 e 100.000 euros e os de rendas que superen os 100.000 euros anuais, pasarán de pagar o 40% a aboar o 60%.

Esta medida impulsada polo Goberno de Rajoy ten un triple obxectivo que é:

1. Favorecer un consumo racional de medicamentos
2. Facilitar que os que menos teñen menos teñan que pagar

3. Contribuír a asegurar a sustentabilidade do sistema e a súa viabilidade futura. Remediar a débeda que deixou en herdanza o anterior Goberno socialista .

Todas as medidas adoptadas polo Goberno de Rajoy van encamiñadas a garantir a sustentabilidade do sistema e garantir unha prestación sanitaria gratuíta, universal e de calidade. Por iso pídese un pequeno esforzo en aspectos como a prestación farmacéutica, e non introducir copagos nos servizos propiamente asistenciais (urxencias, consultas, ingresos, ...).

As reclamacións que están a xurdir, por parte dalgúns persoas que puideron ter problemas á hora de retirar a súa medicación das farmacias, son atribuíbles, no que se refire a aplicación do RDL 16/2012, á falta de acordo coa achega que lles asigna a base de datos do INSS. É lóxico que nos primeiros días se produzan algunhas anomalías, que deberán ser corrixiadas o máis axiña posible. Ademais os datos correspondentes á renda son do ano 2010, posto que aínda está sen pechar a declaración do 2011. Por outra parte, e con independencia da aplicación do RDL, producíronse incidencias debidas á entrada en vigor dos novos prezos marcados polo Ministerio e a desabastecementos puntuais dalgúns medicamentos nas farmacias.

Realmente case todos os países da Europa dos 15, que posúen unhas características sociais e económicas semellantes, teñen fórmulas de cofinanciación por parte dos pacientes. Os únicos países que non teñen ningunha fórmula de copago por asistencia sanitaria son España, Dinamarca e Reino Unido:

- 9 países teñen copago dos pacientes para consultas na atención primaria.
- 11 países teñen copago en atención especializada ambulatoria.
- 11 países teñen copago por ingresos hospitalarios.
- 11 países teñen copago por acudir a urxencias.
- Os 15 teñen copago para fármacos con receita (España ata agora para NON en pensionistas).

É certo que por primeira vez en España os pensionistas van ter que pagar algo polos seus medicamentos, pero parécenos de especial valor o pedir só un pequeno esforzo para que os máis desfavorecidos non teñan que pagar nada, a diferenza do que vén sucedendo ata a data.

É moi importante resaltar que coa proposta do Goberno do Estado, non haberá cofinanciación, ou copago por prestacións asistenciais: non se pagará por asistencia sanitaria, por ingresos, nin por utilizar as urxencias, nin por consultas ou probas médicas ou intervencións cirúrxicas, nin polo medicamento preventivo ou pola rehabilitación. A atención sanitaria continúa sendo gratuíta e universal.

Hai que lembrar que Galicia foi pioneira en medidas de xestión sanitaria responsable e eficiente, postas en marcha polo goberno do PP da Xunta de Galicia desde o ano 2009:

- catálogo priorizado de medicamentos
- potenciación de prescrición de xenéricos,
- plan de eficiencia enerxética,
- plan de control de incapacidades temporais (baixas laborais)
- plan de seguimento de poli medicados,
- plan contra a fraude no uso de servizos sanitarios
- creación dunha plataforma loxística
- revisión de contratos e concertos
- e impulso de compras centralizadas.

Todas estas medidas demostraron ser útiles para mellorar a eficiencia, ferramentas garantistas do sistema sanitario público, e grazas ás mesmas hoxe podemos dicir que estamos en mellor situación que outras comunidades, sendo unha das CCAA que mellor paga a provedores. Esta nova medida facilitará a posta en marcha de novas infraestructuras sanitarias, como os 15 novos centros de saúde ou a ampliación de hospitais do SERGAS.

Ademais os pensionistas galegos non terán que adiantar un euro do seu peto na compra de medicamentos unha vez abonasen o máximo de 8, 18 ou 60 euros que marca a lei en función das súas rendas. As contas saneadas de Galicia permiten adoptar medidas que benefician a quen máis o necesitan. Este, como outros, é o resultado dunha boa xestión.

Fronte ao discurso do medo e a falsidade que difunde unha oposición sen rumbo, a Xunta garante que os pensionistas non adiantarán cartos polos seus medicamentos. O 84% dos 734.000 xubilados galegos non abonarán máis de 8 euros como máximo ao mes, dado que as súas pensións están por baixo dos 18.000 euros ao ano. Outros 50.000 galegos non pagarán nada, por ter pensións non contributivas.

Con esta medida os cidadáns galegos pensionistas pagarán de media 4,75 euros ao mes. É un esforzo que se pide á sociedade para garantir a solvencia e a blindaxe dun sistema nacional de saúde público, universal e gratuito que os socialistas deixaron hipotecado e ao bordo da quebra.

Os socialistas son especialistas no “gratis para todos”, xa sexan medicamentos, libros de texto, cuidadores, canguros... Pero o que non din é como cunha economía en recesión froito da herdanza deixada por Zapatero vai financiar os fármacos gratis para os pensionistas. Máis impostos aínda, acaso?

Para rematar, convén lembrar e insistir en que o copago non se implanta de novo, porque no pasado os cidadáns xa cofinanciaban os seus medicamentos. Agora, tan só se pide un pequeno esforzo para axudar aos máis desfavorecidos que carecen de recursos, e de paso axudar a garantir a sostenibilidade do sistema.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que están de acordo coa moción.

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns di que se a situación non varia segundo o PP, non sabe para que se está a modificar a normativa. Os pensionistas queixasen e a xente en xeral queixase porque teñen problemas para recibir tratamentos.

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que é unha herdanza envenenada da situación económica.

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns, di que o é dende a política do ladrillo de Aznar. Total o PP prometeu nas eleccións estatais que o ía arranxar todo, pois que o faga.

O Alcalde di que estase a garantir a estabilidade do sistema, pero realmente so do bancario racaneándolles aos maiores, aos escolares, as familias e todo ilo para o rescate financeiro. Esta claro que este sistema sanitario unicamente o sosteñen os traballadores e que os xestores públicos non son donos del senón que o deben xestionar axeitadamente, e sen embargo, así estase a pagar dúas veces polos traballadores (vía nómina e agora o copago). Non sabe a onde se pode chegar no sistema, quizás o día de maña afectara as camas no hospital, ao servizo de urxencias..., o certo é que se esta a ir contra algo que custou moito acadalo.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 6 do BNG e 3 do PSOE-PSdeG), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e 0 abstencións do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

6.3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG: CONTRA AS MEDIDAS ECONÓMICAS E REFORMA DO RÉXIME LOCAL DO GOBERNO DO PP. (RXE nº 5528, do 19/07/2012).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns comenta a proposta.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 15 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< Exposición de Motivos

O Goberno central vén de anunciar unha reforma do réxime local, sen ter en conta nin a opinión das Comunidades Autónomas con competencias como é o caso de Galiza, nin tampouco dos axentes municipais a través das asociacións representativas do municipalismo.

Baixo o pretexto da crise, pretende impor unilateralmente un modelo centralista local, que impida calquera posibilidade de adaptar á realidade galega o réxime local, alén de limitar a autonomía dos concellos á hora de xestionar os seus servizos para potenciar o papel das deputacións provinciais. Incluso, como actuación fronte á crise, trátase dunha proposta de reforma condenada ao fracaso, pois nin actúa sobre as causas reais que provocan a asfixia no financiamento dos concellos, nin tampouco garante unha suficiencia de fondos para atender as competencias municipais e as crecentes necesidades que as veciñas e os veciños demandan dos concellos.

O obxectivo que se persigue coa reforma é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade, como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer abordar unha reforma do mapa local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galiza. A persistencia en manter e mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restricións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza. Xa que logo, o realmente inaprazábel é suprimir as deputacións provinciais para que os concellos poidan dispor de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan, e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego a fin de garantir un acceso equitativo en todo o país.

Por outra banda, tamén se propón polo Goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por adicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político, para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise, de impedir que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais.

Tamén os concellos se vén afectados por medidas xa aprobadas, como é a redución salarial que de novo se aplica ás empregadas e empregados públicos, cando xa foron medidas ensaiadas con anterioridade que non contribuíron á recuperación económica senón que agravaron a situación de recesión por restar capacidade económica a un colectivo importante de persoas.

En suma, un conxunto de propostas cuxo obxectivo, máis que actuar contra a crise desde unha perspectiva social onde se favoreza ás persoas e colectivos máis afectados a través dunha redistribución da renda e da riqueza, inciden na liña de aproveitarse da crise para implantar o programa de máximos da dereita económica, inspirados no dogmatismo neoliberal, que en realidade procura manter os privilexios dos de sempre a costa de recortar dereitos das maiorías sociais.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes -amplísima maioría dos concellos galegos - potenciando ás deputacións provinciais.**
- 2. Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.**
- 3. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.**
- 4. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarios e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de Nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.>>**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran manifesta que a pesar de ter argumentos non os vai a expoñer, posto que o Concello de Rianxo non vai a verse directamente afectado.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que sí afecta ao Concello xa que logo vaise reducir o número de concelleiros. Este voceiro formula unha emenda para que se recolla no punto 3º da parte dispositiva, de xeito que se transfiran as funcións das Deputacións Provinciais tamén as mancomunidades, para que haxa un mellor servizo. En consecuencia, a **emenda que se propón** sería modificar o punto 3º neste sentido:

“3. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos, ás Mancomunidades e a Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión”

O Alcalde di que ao Concello de Rianxo lle afecta directamente, e xa a propia FEGAMP encabezada por un alcalde do PP alega un ataque ao municipalismo e a súa autonomía, parecendo que son os Concellos os causantes da crise económica, cando hai comunidades autónomas como Valencia, Murcia ou Madrid cuxa débeda é superior á de todos os concellos galegos. Afirmar que a propia FEMP tamén se esta enfrontando á proposta. E chama a atención que se reforsen as Deputacións cando sempre tiveron actuacións clientelistas e escurantistas. Ademais, asevera que non se pode facer reforma sen contar cos protagonistas,. Por último, remítese ao informe da FEGAMP.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 6 do BNG e 3 do PSOE-PSdeG), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e 0 abstencións do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA coa emenda** formulada polo PSdeG-PSOE nos termos seguintes:

- 1. Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan**

a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes -amplísima maioría dos concellos galegos - potenciando ás deputacións provinciais.

2. Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.
3. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións aos concellos, ás Mancomunidades e á Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.
4. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre os funcionarios e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de Nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.>>

7.- ROGOS E PREGUNTAS

NOVOS ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde ofrece a quenda á voceira do grupo do PP.

M^a Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, formula os seguintes:

Rogo 1.- sabendo que van a recibir 209.000 € da Deputación solicita que se dediquen ao abastecemento no Araño.

Rogo 2.- hai dúas farolas rotas na Ponte de Catoira, que se arranxen.

Pregunta 1.- xa que llo preguntaron veciños, cales son as condicións para solicitar un punto de luz?

Pregunta 2.- cerca de Carbaxales hai un tramo de pista sen arranxar que esta en terra, cando pensan facelo?

Pregunta 3.- hai dous escritos dun veciño presentados os días 21 e 25 de xuño protestando porque quixo colocar unha imaxe e o enterrador municipal non llo facilitou cos andamios. Qué sabe del?

Pregunta 4.- outro escrito do 25/06 presentado por causa de que quixeron facer unhas obras no cemiterio e tivo que chamar a policía que os remitiu ao concello de obras para poder introducir os materiais. Qué pasou?

Do Pleno anterior estaba pendente a pregunta de si o Concello de Rianxo está ao día no pago a Sogama.

O Alcalde RESPOSTAS:

R.1.- Di que se o final a obra do abastecemento do Araño a ten que facer o Concello sen Augas de Galicia non van a chegar os 209.000 €. Ademais haberá que ver como se distribúen xa que tamén hai outras necesidades.

R. 2.- Di que se pasara nota ao servizo correspondente para que as arranxe.

P.1.- As condicións para poñer un punto de luz son as de sempre: que sexa unha zona de acceso público, e si é factible e procedente ponse.

P.2.- O de Carbaxales tratase dun camiño afectado por Costas pero se verá se cabe algún arranxo e a través do planeamento, e así verase se pode ser asfaltado.

P.3.- En primeiro lugar, cómpre partir de que o cemiterio é municipal e que a xente pensa que ten a propiedade dos nichos non significa que calquera poda facer o que lle pete nos nichos, o que requiriría dunha futura regulación municipal que garanta unha ornamentación homoxénea polo seu uso común. Non di que esta sexa o caso deste escrito pero si debese atender a uns criterios unificados.

P.4.- Pásalle a palabra ao concelleiro de obras, Constantino Castaño Calvo que informa que o que se pretendía é pasar o material a través do portal grande do cemiterio, xa que o interesado ten unhas tubarias que lle afectan é que non querían falar co enterrador e querían que o escrito fose ao pleno, mais non é de competencia plenaria como lle indicou a Secretaria municipal. O concelleiro di que estivo alí co capataz de obras, pero a cuestión é que hai un enfrontamento persoal entre eles.

M^a Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, agradece as respostas.

O Alcalde di que houbo outra queixa relacionada con esas obras, xa que as obras soamente poden ser feitas por persoal municipal ou pola empresa que contrate o Concello para ilo, outra cousa é que non coincidan coas apetencias particulares.

Con respecto ao tema de Sogama, o alcalde di que falou coa interventora e posiblemente haxa algunha factura por vir.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:00 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:02 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo